

ABERTO PRAZO SOLICITUDE PASE A SEGUNDA ACTIVIDADE BOMBEIROS/AS FORESTAIS (2025)

Santiago de Compostela 30/01/25

Publicado no DOG de hoxe o ANUNCIO polo que se abre o prazo para presentar solicitudes para o ano 2025 de pase á segunda actividade do persoal das categorías de bombeiro/a forestal do Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais

QUEN PODE SOLICITAR O PASO Á SEGUNDA ACTIVIDADE?

- **Persoal traballador fixo e temporal das categorías de bombeiros/as forestais**
- **Que cumpra ou teña cumprido xa no ano 2025 os 60 anos de idade e que se comprometa a xubilarse á idade legalmente establecida.**
- **No suposto de ser maior de 65 anos,co compromiso de xubilarse no prazo dun ano despois de concedida a segunda actividade**

QUE SUPÓN O PASO Á SEGUNDA ACTIVIDADE?

- **Realizar tarefas preventivas ou de apoio loxístico ao Servizo de Defensa contra Incendios Forestais sen vinculación directa á extinción de incendios.**

CANDO E ONDE O REMITO A SOLICITUDE?

- **No prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG.**
- **Á Consellería do Medio Rural. As solicitudes (anexo II) deben ir acompañadas do compromiso de xubilación (anexo III)**

